



BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2017

Primeira.- Obxecto e natureza

Aprobada unha subvención da Deputación de Pontevedra de 7.650€; dos cales 1.650€ serán de uso exclusivo para axudas de investimento e acondicionamento da vivenda e 6.000€ para sufragar gastos correntes, con destino ós Servizos Sociais Comunitarios para o seu reparto como axudas básicas de emerxencia, procédese, ó abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOPPO do 6 de xullo do 2017 nº129, a publicar a convocatoria de ditas axudas por importe total de 7.650€, contía que se verá minorizada con aquelas axudas de carácter de extrema emerxencia ás que o Concello lles dera cobertura o longo do ano 2017.

O Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu cofinanciamento establece no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de Servizos Sociais Comunitarios Municipais.

Estas axudas xorden co obxectivo de lles proporcionar aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poderen atender as demandas de urxente e puntual necesidade. Así, poderán ser beneficiarias de ditas axudas as persoas residentes no concello das Neves en situación ou risco de exclusión social, con especial atención a aquelas persoas con menores ao seu cargo.

Segunda.- Persoas usuarias beneficiarias das axudas básicas de emerxencia

Persoas maiores de idade empadroadas no concello de As Neves, que xestionen a súa demanda a través dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais deste Concello e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda.

Daráselle prioridade a cubrir as necesidades de familias con menores ó seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou risco de estalo.

Seguiranse os seguintes criterios de valoración:

INDICADORES

a) Indicador económico

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes con que atender total ou parcialmente os gastos específicos de carácter básico, cando os recursos económicos mensuais (unha vez descontados, de ser o caso, os gastos procedentes da vivenda habitual (préstamo hipotecario ou alugueiro) ata un máximo de 300 €/mes) da unidade



familiar non sexan superiores as seguintes contías segundo o número de membros:

- Unidade familiar de 1 membro: ata 403,38€ mensuais
- Unidade familiar de 2 membros: ata 484,06€ mensuais
- Unidade familiar de 3 membros: ata 564,73€ mensuais
- Unidade familiar de 4 membros: ata 618,52€ mensuais
- Unidade familiar de 5 membros: ata 672,30€ mensuais
- Unidade familiar de 6 membros: ata 726,08€ mensuais
- Unidade familiar de 7 membros: ata 779,87€ mensuais

Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, teranse en conta os ingresos de toda a unidade familiar:

- Computarase como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outro título, nos 6 meses anteriores á data de solicitude; terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando ésta non proceda ou non sexa obrigatorio realizala, acreditaranse os ingresos por certificación dos organismos correspondentes.
 - A existencia de propiedades de natureza rústica ou urbana, excluída a vivenda habitual, que poidan ser obxecto de alleamento ou aluguer.
 - No caso de existencia de recursos diñeirais depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada.
 - Para o cómputo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda, ata o límite de 300 euros mensuais.
- b) Situación de risco e/ou exclusión social:

Valoraranse as situacións de desatención ou problemas conductais nos menores que integran a unidade familiar; situacións carenciais ou de conduta inadaptada que afectan aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar; situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores.

c) Excepción no baremo económico

Excepcionalmente os Servizos Sociais do Concello de As Neves poderán valorar as solicitudes que cumprindo con todos os demais requisitos previstos nesta ordenanza, excedan o baremo económico nunha porcentaxe non superior ao 5% do establecido neste artigo, como consecuencia dos gastos acreditados de vivenda habitual e/ou



situación familiar de extrema urxencia, tendo en conta o previsto no artigo 48.3 da ley 10/2013 de 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia.

A valoración destes casos como excepcionais, efectuarase seguindo os criterios que a continuación se detallan.

Nestes casos, para ser beneficiarios da axuda deberán como mínimo obter unha puntuación total de **5 puntos**.

1.—Situación Socio-familiar: factores limitadores adicionais que afectan algúns dos membros da unidade familiar

- a) Familia desestructurada: 1 punto.
- b) Existencia dalgún membro con discapacidade (física, psíquica ou sensorial) debidamente acreditada: 1 punto.
- c) Existencia dalgún membro da unidade familiar con problemas de adición (alcohol, drogas e/ou outras adicións): 1 punto.
- d) Existencia dalgún membro da unidade familiar con enfermidade grave: 1 punto.
- e) Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parenterais: 2 puntos

2.— Situación/Tipoloxía da Vivenda:

- a) Vivenda en propiedade pagándose: 2 puntos
- b) Vivenda en aluguer: 3 puntos
- c) Vivenda en precario, declarada como tal, previa visita da traballadora social e informe correspondente: 2 puntos

3.— Situación de Risco e/ou Exclusión Social:

- a) Situacións de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais: 2 puntos.
- b) Problemas condutuais dos menores que integran a unidade familiar: 2 puntos.
- c) Situacións carenciais que afecten aos adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos.
- d) Problemas de conduta inadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos.
- e) Situacións de violencia de xénero: 2 puntos.
- f) Familias que algúns dos membros da unidade familiar está en situación de desemprego: 2 puntos.

4.— Familias en proceso de intervención social:

- a) Familias incluídas no programa de educación familiar: 3 puntos:
- b) Familias beneficiarias ou en tramitación da Risga: 3 puntos.

As solicitudes valoradas con estes criterios serán atendidas nas mesmas condicións que as axudas de emerxencia social, recollidas no capítulo III desta ordenanza.



CONTÍA DA AXUDA

As contías máximas da axuda en función das circunstancias apuntadas na cláusula anterior, serán por unidade familiar e por un só concepto de tódolos sinalados neste punto.

A) **Alimentación.-** Axudas destinadas á compra de alimentos, con especial atención á adquisición de perecedoiros como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por persoal facultativo (celíacas, diabéticas...)

B) **Uso da vivenda .-** Axudas destinadas para posibilitar que se continúe na vivenda habitual:

- Axudas para o pagamento de débedas de alugueiro que impidan o desfiuzamento.
- Axudas para o pago da hipoteca, de maneira excepcional, cando a contía de cada cota sexa inferior a 450€ e a débeda non sexa maior a seis cotas.
- Axudas para o acondicionamento de habitabilidade da vivenda.

C) **Pago de recibos.-** Axudas destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibo de electricidade, gas, gasóleo ou auga.

D) **Pago de produtos de hixiene e limpeza.-** Axudas destinadas á compra de produtos básico de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, líquido lavalouza e outros) así como produtos de aseo persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina...)

E) **Pago de farmacia.-** Axudas destinadas ao pago de produtos farmacéuticos prescritos por persoal facultativo especialista ou polas médicas e médicos de atención primaria.

F) **Adquisición de electrodomésticos básicos.-** Compra de electrodomésticos básicos (lavadora, quentador, cociña, frigorífico, deshumidificador...).

G) **Pago de desprazamentos.-** Destinadas ao pagamento de desprazamentos a recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio concello cando sexan debidos a tratamento, xestións ou actividades que non poidan ser levadas a cabo dentro del.

H) **Pago de lentes e audífonos.** Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audífonos para aquelas persoas que teñan diagnosticado un déficit auditivo e teñan prescrita esta axuda técnica. Así mesmo financiarase a compra de lentes a aquelas persoas con déficit visual diagnosticado e con necesidade do seu uso.



I) **Axudas de apoio á infancia.-** No caso de menores de idade poderáselle facer fronte a gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados que posibiliten a continuidade da persoa menor no seu medio familiar.

Establécese unha **contía máxima** dispoñible por cada unidade de convivencia de **500 €**

Terceira.- Documentación, forma e prazo de solicitude.

A solicitude destas axudas farase a través do Departamento de Servizos Sociais do Concello.

As persoas que queiran participar nesta convocatoria de axudas deberanse personar no Departamento de Servizos Sociais en horario de atención ó público.

Deberán presentar a documentación que a continuación se detalla:

- Modelo oficial de solicitude
- DNI do solicitante e de tódolos integrantes da unidade de convivencia.
- Libro de familia
- Xustificante de ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia
- Certificación bancaria
- No caso de divorcio ou separación, sentenza que regule dita situación
- Calquera outra documentación que sexa necesaria para as técnicas do departamento.

As técnicas do Departamento de Servizos Sociais comprobarán si o/a solicitante está empadroadado neste municipio así como a unidade de convivencia.

No caso de que sexa favorable a resolución da axuda o/a solicitante deberá xustificar con data límite o 21 de decembro do ano en curso a axuda.

Os gastos serán acreditados mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só poderase utilizar o pagamento en metálico, excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa.

O prazo para formalizar estas axudas será dende o día seguinte a data de publicación destas bases no BOPPO e **ata o 31 de outubro de 2017**. Estas bases serán igualmente publicadas no taboleiro do Concello e na páxina web do mesmo.



No prazo dun mes resolveranse os expedientes comunicándose debidamente ás persoas interesadas.

Cuarta.- Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelles ás técnicas de Servizos Sociais, que realizarán de oficio as actuacións que estimen necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, deberán elaborar un informe-proposta explicando a motivación a aplicación dos criterios de concesión establecidos na base terceira, que se elevará á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva.

Transcorridos tres meses a partir do día seguinte ó que remate o prazo de presentación da solicitude sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

Quinta.- Incompatibilidades

Esta axuda é incompatible con outras axudas das mesmas características prestadas por outros organismos ou asociación sen ánimo de lucro.



ANEXO I
SOLICITUDE DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL.- ANO 2017

SOLICITANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Ingresos/procedencia:

Enderezo:

Teléfono:

UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	DNI	Data Nacemento	Parentesco	Ingresos/procedencia

Declara baixo a súa responsabilidade:

- 1.- Que tódolos membros da unidade de convivencia están empadroados no Concello das Neves.
- 2.-Que non reciben axuda de alimentos por parte doutros organismos, entidades ou administracións públicas, entidades de carácter privado, benéficas ou asistenciais.
- 3.-Que non venderán os alimentos recibidos, xa que son para a súa unidade de convivencia.
- 4.-Que comunicarán ós servizos sociais municipais calquera variación da súa situación sociofamiliar e económica que poida modificar as circunstancias expostas nesta solicitude.
- 5.-Que permitirán e facilitarán a actuación dos servizos sociais municipais para avaliar a súa situación sociofamiliar, realizar seguimentos e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.

Autorizo:

As técnicas de Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello das Neves para a consulta de calquera dato necesario para completar o meu expediente (datos fiscais, de padrón ou convivencia...)



SOLICITA

A axuda de emerxencia para o seguinte concepto (marcar só un concepto)

- ☐ Alimentación
- ☐ Uso da vivenda
- ☐ Pago de recibos
- ☐ Produtos de hixiene e limpeza
- ☐ Pago de farmacia
- ☐ Adquisición de electrodomésticos básicos
- ☐ Pago de desprazamentos
- ☐ Pago de lentes e audífonos
- ☐ Axudas de apoio a infancia

As Neves de de 2017 .



ANEXO II INFORME SOCIAL

DATOS IDENTIFICACIÓN DA PROFESIONAL

Emitido por:

Centro ou Servizo:

Motivo:

Dirixido a:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA SOLICITANTE

Nome e apelidos:

Lugar e data de nacemento:

DNI:

Domicilio:

Teléfono:

1. UNIDADE DE CONVIVENCIA

Nome e apelidos	Data nac.	Estado civil	Parentesco	Estudos	Situación laboral

2. REDE DE APOIO FAMILIAR/VECIÑAL

Nome e apelidos	Data nac.	Parentesco	Situación laboral/ capacidade económica



3. CONDICIÓNS DA VIVENDA

Tipo de vivenda

--

Réxime de posesión

--

<u>Persoas</u>	<u>Habitacións</u>	<u>Custo anual</u>

Equipamentos

- ☐ auga corrente ☐ w.c. ☐ Ducha ☐ Electricidade ☐ Gas
☐ auga quente ☐ Teléfono ☐ Frigorífico ☐ Calefacción (total) ☐ Lavadora

Habitabilidade

- ☐ barreiras archit. acceso ☐ barreiras archit. vivenda ☐ falta iluminación natural ☐
falta ventilación ☐ deteriorada ☐ ameaza ruina ☐ aceptable

ENTORNO DA VIVENDA

- ☐ urbano ☐ semiurbano ☐ rural ☐ rural illado

4. SITUACIÓN ECONÓMICA

Ingresos da persoa solicitante/ ingresos da unidade de convivencia

CONCEPTO	CONTÍA MENSUAL	NÚMERO DE PAGAS



5. VALORACIÓN PROFESIONAL

Traballadora Social:

Asinado:

Nº de colexiada:

Data:



ANEXO III

BAREMOS AXUDAS DE EMERXENCIA.- ANO 2017

BAREMO ECONÓMICO

INGRESOS	PUNTOS
Rendas per cápita superiores o 100% do IPREM (+ de 537,84 €/mensuales)	0 puntos
Rendas per cápita entre o 100% e o 75% do IPREM (entre 403,38€ e 537,84€ mensuais)	1 punto
Rendas per cápita entre o 74% e o 50% do IPREM (entre 398,00€ e 268,92€ mensuais)	2 puntos
Rendas per cápita entre o 49% e o 25% do IPREM (entre 263,54€ e 134,46€ mensuais)	3 puntos
Rendas per cápita entre o 24% e o 10% do IPREM (entre 129,08€ e 53,78€ mensuais)	4 puntos
Rendas per cápita inferiores ao 10% do IPREM (menos de 53,78€ mensuais)	5 puntos

BAREMO DE SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

NIVEL	DESCRICIÓN	VALORACIÓN
1	Existencia dalgún membro con discapacidade	1 punto
2	Existencia dalgún membro da unidade familiar con problemas de adición	1 punto
3	Existencia dalgún membro da unidade familiar con enfermidade grave ou en situación de dependencia	1 punto
4	Ausencia de fogar de ámbolos dous membro parentais	2 puntos
5	Familias numerosas	2 puntos
6	Familia nuclear	1 punto



7	Familia monoparental	2 puntos
---	----------------------	----------

BAREMO DE SITUACIÓN DA VIVENDA

NIVEL	DESCRICIÓN	VALORACIÓN
1	Vivenda cedida sen custo	0 punto
2	Vivenda en propiedade pagada	1 punto
3	Vivenda en propiedade pagándose	2 punto
4	Vivenda en aluguer	2 puntos
5	Vivenda en precario	3 puntos

BAREMO DE SITUACIÓN DE RISCO E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (máximo 6 puntos)

Pódense ter en conta entre outras, as seguintes situacións:

DESCRICIÓN	VALORACIÓN
Situacións de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais.	2 puntos
Problemas condutuais dos menores que integran a unidade familiar	2 puntos
Problemas de conduta inadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar	2 puntos
Situacións de violencia doméstica	2 puntos
Familias nas que algún dos membros da unidade familiar estean en situación de desemprego	2 puntos



BAREMO DE FAMILIAS EN PROCESO DE INTERVENCIÓN SOCIAL (máximo 6 puntos)

DESCRICIÓN	VALORACIÓN
Familias incluídas no programa de apoio familiar	3 puntos
Familias beneficiarias de RISGA	3 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL	
------------------	--

En As Neves, _____ de _____ de 20__

O Técnico responsable

Ó ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES